



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por presentárense varios problemas sobre a realización de especialidades dunha mesma titulación, ben sexa por planos de estudos a extinguir, no suposto de que o alumno teña rematados os seus estudos ou estea a cursar planos renovados, ben sexa para a realización de especialidades distintas as cursadas, estímase conveniente clarexa-las dúbidas xurdidas.

No suposto de realizar estudos por un plano diferente ó cursado, aínda que conducente á mesma titulación, existen impedimentos para a autorización, coma a que a titulación que se lle recoñece ó alumno se sustenta nun plano de estudos determinado, entendendo isto como un conxunto integral de disciplinas que permiten a obtención dunha titulación e unhas determinadas especialidades. A realización de especialidades sen ter superados os cursos previos supón unha alteración do contido dos planos de estudio. Por outra banda, nas disposicións de carácter xeral establécese a vinculación dun título, e de se-lo caso, unhas especialidades, a un plano de estudos. Nembargantes queda supeditada esta interpretación ó que determine o Consello de Universidades.

A realización dunha ou varias especialidades dun plano de estudos, xa sexa simultaneamente, xa sexa con posterioridade á conclusión dos estudos, non suscita dificultades, xa que os planos de estudio non restrinxen o número de especialidades que os alumnos poden realizar, e tendo en conta que o relevante é a titulación, calquera especialidade debe entenderse como unha mellora curricular.

Por todo o exposto, compre dicta-la seguinte

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO.- REALIZACIÓN DE ESPECIALIDADES POR PLANOS DE ESTUDIOS DIFERENTES A AQUEL DE QUE SE ACADOU A TILTULACIÓN

Non procederá a autorización en réxime de matrícula ordinaria á realización de especialidades que sexan de planos de estudio diferentes ós que cursou o alumno, aínda que sexan conducentes á mesma titulación.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


SEGUNDO.- REALIZACIÓN DE ESPECIALIDADES CONSONTE O PLANO DE ESTUDIOS POLO QUE SE ACADOU A TITULACIÓN

Autorizarase a realización dunha ou varias especialidades dunha mesma titulación, aínda que o alumno xa rematara os seus estudos, agás que para a realización das novas especialidades se requirirá que superaran materias que por pertenceren a planos de estudos en proceso de extinción xa estiveran extintas por terse esgotado o período transitorio no que se encontraron sen dereito á docencia.

Santiago, 9 de outubro de 1996

O SECRETARIO XERAL




Gumersindo Guinarte Cabada

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS
SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
SRS/A. XEFES/A DAS U.X.A.
SR. XEFE DOS SERVICIO INFORMÁTICOS
SR. DIRECTOR DE C.O.I.E.